

NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA- ADDENDA COVID-19

CEIP PLURILINGÜE MONFORTE (COLEXIO NOVO)

[Documento que recolle e concreta as normas de organización, funcionamento e convivencia, do centro, adaptándoas á situación xerada polo Covid-19 e implicando a toda a comunidade educativa]

Contido

Contido	1
XERAIS.....	2
CITAS PREVIAS.....	2
HORARIO ENTRADA E ZONAS DE ACCESO	2
HORARIO SAÍDA.....	3
CIRCULACIÓN DENTRO E FÓRA DO EDIFICIO.....	3
RECREOS	3
ASEOS	3
FESTIVAIS E eventos	4
CALENDARIO ESCOLAR.....	4
MATERIAL DE TRABALLO INDIVIDUAL (publicado na web do colexio)	4
LIBROS DE TEXTO	4
ACTUACIÓN DE PREVENCIÓN.....	4
COMPETENCIA DIXITAL.....	5
EXTRAESCOLARES/ BIBLIOTECA	5
COMEDOR	5
MEDIDAS ED. FÍSICA.....	5
ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN	6
DAS GARDAS DO PROFESORADO	6
VENTILACIÓN	6

XERAIS

- Comunicar por escrito os cambios de: teléfono, mail e enderezo para ter os datos actualizados.
- Para avisos, chamar sempre ao teléfono fixo do colexio 982828310; móbil para urxencias.
- As mensaxes recibidas nos grupos de whatsapp, creados por niveis, evitarase contestar salvo casos de dúbidas. Só serán empregados para comunicacións do centro.
- Obrigatorio descargar abalar móbil. Aplicación gratuíta da Consellería, para recibir mensaxes oficiais do centro.
- Asinar autorizacións e declaración responsable- compromiso de non enviar ao neno/a ao colexio no caso de contactos con positivos en covid-19 e/ou estar enfermos- (se algunha familia non quere asinar, firmarán outro documento que recolla a súa negativa).
- USO DA MÁSCARA OBRIGATORIO PARA TODOS/AS, salvo informe médico que xustifique o contrario. O uso incorrecto desta será considerado como falta e no caso de reiteración serán aplicadas medidas correctoras (dende apercibimento oral, por escrito á familia, ...expulsión).
- **Asistencia obrigatoria en Primaria**, agás causa xustificada. Protocolo de absentismo escolar en casos de ausencias reiteradas e non xustificadas.
- **En caso de confinamento dun alumno, grupo ou centro o ensino realizarase a distancia, empregando as ferramentas habilitadas para elo.**
- **Avanzarase materia e será de obrigado cumprimento para o alumnado a asistencia e participación nas clases/sesións virtuais (art.4, resolución da Secretaria Xeral de Educa. E FP pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos).**

CITAS PREVIAS

- Co equipo directivo, dep. de orientación , a través do 982828310- 14
- Titores/as : axenda do alumno/a ou 982828310
- Horario de titorías telemáticas/telefónica: martes de 17.00 h a 18:00 h ou cando se estableza.
- Unha soa persoa por familia no caso de que sexa presencial.

HORARIO ENTRADA E ZONAS DE ACCESO

PUNTUALIDADE IMPORTANTÍSIMA

- O alumnado que chegue tarde, xustificará o retraso , e timbrará na porta principal , esperando a ser recollido. Recoméndase agardar ao cambio de clase para non interrompelas.
- Prohibido o acceso ao recinto escolar das familias do alumnado de Primaria, agás causa xustificada.

ZONAS DE ACCESO:

Transportados: Porta traseira, a partires das 08:45h. Dirixiranse directamente ás súas aulas.

Non transportados: A partires das 8:50 h.

- Infantil-3 anos-: Pola rampla e cun so acompañante. Resto do alumnado, agás os primeiros días de curso, entrarán sen acompañante.
- Primaria: pola escaleira, entra só no recinto escolar.

- Seguir orde frechas de entradas (cor verde) e saídas (cor vermella).

Ningún alumno non transportado poderá entrar pola parte de atrás.

HORARIO SAÍDA

Non usuarios de comedor:

- Alumnado de infantil, sen irmáns en Primaria: ás 13:50 h.
- Con irmáns en Primaria: Son entregados ás familias ás 13:55 h.
- As familias esperan dentro do recinto mantendo as medidas de seguridade: máscara, distancia de seguridade e uso de hidroxel ao entrar. .PUNTUALIDADE
- EP: Sairán todos en orde, a partires das 14:00 h., mantendo a distancia de seguridade.

Usuarios de comedor:

- Non transportados:

EI: 4º EI 14.35 h., 5º EI 14:40h e 6º EI 14:45 (porta de infantil)

EP: Sairán en primeiro lugar os grupos máis numerosos , a partires das 14:40 h.

Transportados: a partir das 14.50h. Sairán por autobuses e cursos pola porta traseira.

CIRCULACIÓN DENTRO E FÓRA DO EDIFICIO

- EVITAR AGLOMERACIÓNS no exterior e na recollida do alumnado.
- GARDAR A DISTANCIA DE SEGURIDADE, NON ENTRETERSE NA ENTRADA CHARLANDO.
- CIRCULARASE SEMPRE POLA DEREITA, evitando os cruces e segundo a orde das frechas verdes ou vermellas.
-

RECREOS

- Habará quendas, por grupos A e B, en primaria e dividirase o espazo en zonas diferenciadas e separadas fisicamente.
- En Infantil o patio dividirase en tres zonas.
- Días de chuvía:
 - . Infantil: nas propias aulas
 - . Primaria: 1º e 2º no porche, a cuberto. De 3º a 6º, no pavillón (sempre segundo os grupos aos que lles corresponda o patio).

ASEOS

- Aforo restrinxido con sinais visuais (tarxetas vermellas):
 - . Infantil e planta baixa 1 alumno por servizo.
 - . No 2º e 3º andar : 2 alumnos por servizo.
- Prohibido beber da billa e encher as botellas.

Limpeza dos baños durante a xornada escolar (dúas veces ao longo do horario lectivo).

FESTIVAIS E EVENTOS

- Quedan suspendidos os festivais fóra dos grupos de convivencia . Serán sen público.
- Gravaranse as actuacións para poñelas a disposición da comunidade educativa e manter as celebracións de xeito dixital.

CALENDARIO ESCOLAR

TODO O ALUMNADO DEBERÁ SABER A QUE GRUPO PERTENCE E EN QUE ANDAR SE ATOPA A SÚA AULA (facilitaremos dita comunicación ás familias antes de empezar as clases).

COMEZAN O 10 DE SETEMBRO: 4º E 5º EI, 1º EP, 2º EP E 3º EP.

COMEZAN O 11 DE SETEMBRO: 6º EI, 4º EP, 5º EP E 6º EP.

MATERIAL DE TRABALLO INDIVIDUAL (publicado na web do colexio)

Todo co nome.

Suprímese o material compartido

- Dúas máscaras obrigatorias (unha posta e unha de reposto dentro dunha bolsa/estoxo e co nome).
- Bolsa de tea para gardar a máscara que levan posta.
- Rotulador de encerado branco
- Caixa de panos desbotables
- Caixa para gardar o material propio.
- Botella de auga.
- O solicitado por cada titor/a e especialista.

LIBROS DE TEXTO

- 3º e 4º As titoras dos respectivos grupos organizarán coas familias a entrega, antes de empezar o curso evitando no posible o acceso ao interior do edificio.

ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN

Importantísima a responsabilidade individual e o exemplo das familias: estas deben adquirir o compromiso firme, e asinar o documento que se lles entregará ao efecto, de non enviar ao alumnado ao centro con síntomas compatibles coa COVID ou habendo estado en contacto directo con persoas positivas. Para iso debe realizar unha autoavaliación diaria dos síntomas antes de acudir ao centro.

- De detectar sintomatoloxía compatible non acudirá ao centro e contactará inmediatamente co centro do saúde ou co equipo COVID do centro (982 82 83 10).
- Non é necesario xustificante médico con esta casuística.
- Si algún alumno presenta síntomas, no centro, illarase nun espazo específico e contactarase coa familia, a cal deberá acudir á maior brevidade e solicitar consulta telefónica co pediatra.

- Detectado un caso positivo, será o SERGAS o que determine as seguintes actuacións.

COMPETENCIA DIXITAL

- Traballarase na capacitación do alumnado dende principio de curso e das familias, unha vez estea preparada á páxina web do centro:
- Páxina web, e blogs (infantil, 1º-2º de Primaria), aula virtual (3º e 4º de Primaria); Edixgal (5º e 6º de primaria).
- Na páxina principal da web do centro colganse os “horarios espello”, co que se accederá aos cursos para manter a actividade lectiva do alumnado confinado (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmonforte/>).
- Obrigatoriedade do alumnado de realizar as tarefas e traballos colgados polo profesorado.
- Pasarase unha enquisa que recolla os medios dixitais dos que dispón cada familia e dar resposta á situación en caso de confinamento do alumnado.

EXTRAESCOLARES/ BIBLIOTECA

- Supeditada a que todo o alumnado que participe pertenza ao mesmo grupo de convivencia estable.
- No caso da biblioteca, establecemos calendario por grupo-clase, tanto dentro do horario lectivo como fóra del.

COMEDOR

- Comerán agrupados segundo os grupos de convivencia estable, cunha distancia de 1.5 m de outros grupos.
- Disporán de postos fixos todo o ano.
- Hixiene bucal ,realizarase na casa
- O alumnado de infantil comerá na súa aula.
- Máscara obrigatoria cando non “comen”.
- Obrigatorio falar en voz baixa.

MEDIDAS ED. FÍSICA

- Máscara obrigatoria, agás en actividades exteriores individuais a máis de 2m e nas que a máscara imposibilite a práctica.
- Material: vestimenta adecuada (chándal e calzado deportivo) e neceser con toalla pequena, botella de auga e funda/bolsa/sobre coa segunda máscara.

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓNS

Comezaremos cunha avaliación inicial e traballando todo o que quedou pendente no curso anterior.

- Iniciación dixital dende o primeiro día.
- Reunións telemáticas coas familias para explicarlles o funcionamento da aula, no caso de confinamento.

ASPECTOS EMOCIONAIS

- Traballarase de forma específica e de xeito prioritario; atenderase especialmente a situación emocional do alumnado confinado.

DAS GARDAS DO PROFESORADO

Nas entradas:

Haberá profesorado de garda nos seguintes espazos (para controlar a orde do alumnado, evitando aglomeracións):

. Zona transportados: 1 persoa na primeira cancela (cun bote de xel hidroalcolico); 1 persoa no desvío cara a porta principal.

. Zona principal: 1 persoa na cancela exterior, con bote de xel para botar a todo o alumnado (días de chuvia, abríranse ámbalas dúas portas para facilitar o acceso, evitar aglomeracións). 1 persoa no porche.

. zona de infantil: 1 persoa na porta de infantil; cada titora, na súa aula.

. edificio principal: 1 persoa por “rellano”. Cada titor/a na súa aula. Se falta algún mestre/a cubrirase coa persoa que está no “rellano”.

Gardas de recreo:

. Infantil: Haberá 1 mestra de garda por nivel educativo.

. Primaria: Segundo o calendario establecido, os grupos A baixarán co profesorado asignado na 1ª quenda de recreo; Os grupos B, baixarán na 2ª quenda, distribuíndose todos eles polo recinto escolar, en zonas separadas e sen xuntarse en ningún momento.

Saídas:

. Alumnado sen servizo de comedor: O profesor/a que teña clase a última hora acompañará ao seu alumnado ata o comedor; unha vez que estes estean sentados, entregará ao resto de alumnado.

. Alumnado transportado: O profesorado de garda de infantil (2) e de Primaria (4) levarán ao alumnado, por transportes, ata saída; regresando unha vez entregados estes ata o comedor para levar a outro grupo. Cada grupo será acompañado tamén por unha persoa colaboradora do servizo de comedor.

Gardas de clase:

- Establecerase como todos os cursos o calendario de gardas, se ben se priorizará que o alumnado sexa atendido por profesorado de garda que lle imparta algunha materia ou que imparta clase na etapa educativa.
- No caso de que non haxa ningún se respectará a orde establecida de 1ª ou 2ª garda.

VENTILACIÓN

- Non hai obriga de ter as ventás abertas todo o tempo aínda que sexa unha medida que contribúa á renovación do aire.
- A ventilación natural e cruzada (porta e ventás contrarias) é a mellor opción para ventilar
- Conserxe abrirá as ventás de todas as aulas pola mañá antes de iniciar a xornada lectiva.
- O Profesorado será o responsable de realizar as ventilacións na aula 10-15 minutos entre clase e clase

ou abrir todas as ventás durante 2 a 5 minutos cada 15/20 minutos.

- As portas das aulas permanecerán abertas.
- **IMPORTANTE:** falar en voz baixa, para minimizar a dispersión dos aerosois e por respecto ao traballo do resto dos grupos-clase.